Asociación Cultural BARBANTIA®

Rúa Principal, 77
Centro Social, 4º Andar
BOIRO - CP: 15930
☎ 981-842635 🖷 FAX 981-842725 Móbil: 690 933 651
www.barbantia.gal - www.barbantia.es - www.barbantia.org
barbantia@barbantia.gal

BOA PRÁCTICA DE XESTIÓN CULTURAL EN GALICIA 2018

Prezada socia, prezado socio:

A Asociación Cultural Barbantia vai realizar a súa gran festa anual, na que presentaremos o vixésimo segundo volume *Anuario de Estudos do Barbanza 2026* e entregaremos os **XX PREMIOS BARBANTIA® DA CULTURA (2026)**.

Os galardoados e galardoadas co sereo de Barbantia sairán dunha listaxe na que aparecen os artistas, escritores, axentes culturais e iniciativas nominados anteriormente polos socios e socias. Así mesmo, convidámoste a que nos fagas chegar nomes doutros referentes da cultura da comarca, para incluílos como candidatos na edición do ano 2027.

Instrucións de votación: Debes escoller un só nome por categoría e enviar o teu voto ao enderezo postal da sede da Asociación (Centro Social, Rúa Principal, 77, 4º Andar, 15930 Boiro) ou por correo electrónico a **barbantia@barbantia.gal** antes do **30 de novembro**. Tamén podes introducir o teu voto na urna que estará nos vindeiros actos de Barbantia ao voso dispor.

Unha vez recollidas e escrutadas as papeletas, porémonos en contacto cos galardoados/as para citalos/as na entrega dos sereos, que este ano será o **sábado 12 de decembro, ás 12.30 h** no **Teatro-Cine Elma do Concello de A Pobra do Caramiñal**.

VINDEIROS ACTOS DO MES DE NOVEMBRO

Data e hora	Lugar	Obra e autoría
13 de novembro 20.00 h	Libraría Espazo Lector NOBEL (Boiro)	***A lei do mar*** (Xerais Edicións) de Manuel Esteban
20 de novembro 20.00 h	Casa Veciñal de Cespón (Boiro)	***Paio e o Gatipedro*** (Editorial Galaxia) de Milagros Torrado Cespón (autora) e Laura Pérez Delgado (ilustradora)
27 de novembro 20.00 h	Centro Cultural Lustres Rivas (Ribeira)	***Ubre*** (Companhía do Ruído Editorial) de Xabier López Marqués

Agradecendo que participes connosco nesta festa da cultura barbancesa, envíoche o meu afectivo saúdo, e póñome ao teu dispor.

María Xesús Blanco López
Presidenta da A. C. Barbantia®

ASOCIACIÓN CULTURAL BARBANTIA C.I.F. G - 15972490

Boiro, 12 de novembro de 2026

VOTOS PREMIOS BARBANTIA® DA CULTURA 2026

Marcar un só nome por categoría

PREMIO BARBANTIA® 2026 Á TRAXECTORIA CULTURAL NO BARBANZA		PREMIO BARBANTIA® 2026 Á INICIATIVA CULTURAL NO BARBANZA		PREMIO BARBANTIA® DA CULTURA GALEGA 2026	
Esperanza Mara		Os Menestreis		Sonia Lebedynski	
Antón Rodríguez Gallardo		Editorial Bourel		Anxo Angueira	
Jontxu Argibay		Grupo de Baile e Música Tradicional Tahúme		Elsa Muñiz	

SUXESTIÓNS PREMIOS BARBANTIA® DA CULTURA 2027:

Á TRAXECTORIA CULTURAL NO BARBANZA	INICIATIVA CULTURAL NO BARBANZA	CULTURA GALEGA